

Parlamento das Letras: Antón Riveiro Coello

Enviado o 18 Abril 2012



Antón Riveiro Coello posúe o don de soerguer as esquinas encartadas do corazón. A súa escrita navega polos sentimentos arroaz, fendendo a derme das vivencias que descompón nun fractal de experiencias de poliédrica ficción.

É certo que a lámina pericárdica é nel saba agradecida, mais tamén o é que en moitas das súas historias a intriga, o desvelamento dun suceso inexplicado aguilloa a curiosidade lectora e obriga a quen acompaña os seus protagonistas a regresar a pasados e recordos arrombados nas teas de araña do tempo, escuro limbo dende o que clamaban pola xustiza da lembranza e a restitución da memoria.

Recoñecido amplamente por público e crítica, Riveiro Coello é autor de inequívoca radicación limega e adopción barbanzá, escritor de terra e mar, confiado sempre no exorcismo do teratolóxico humano, sabedor de que a maxia da palabra é o único antídoto posible ante tanta iniquidade. Dese doce veneno da verba confesa aquí cabais pensamentos de voz extraordinaria.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro texto foi un relato longo premiado cun accésit no XVII Certame “Modesto R. Figueiredo” do Pedrón de Ouro, publicado por Edicións do Castro hai vinte anos, en 1992. É certo que este certame o gañaría máis adiante en dúas ocasións, pero aquel primeiro accésit ten un engado especial porque foi como sacar unha sorte de carné de escritor.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Visto con perspectiva, coido que a miña obra foi case sempre ben tratada pola crítica e o público. Se cadra, a mellor valorada até o de agora sexa esta *Laura no deserto*, da que me levan dito cousas moi fermosas non só @s crític@s, senón tamén @s lector@s. Tamén é verdade que aínda leva moi pouco nas librerías e precisa de máis tempo para se consolidar. *A esfínxe de Amaranto* foi ben acollida pola crítica e, malia vender case 2000 exemplares, non tivo o éxito lector que o editor e mais eu agardabamos. ¿O motivo? Pois non o sei. Poida que a carga dunha lingua arraiana... @s lector@s teñen o seu criterio. Con todo, gusto de que se diversifique a estima polas miñas obras. Hai xente que escolle *Casas Baratas*, outros moitos *As rulas de Bakunin* e *A quinta de Saler*, ou mesmo *Homónima*, unha novela pensada para un lectorado amplo que, non obstante, non tivo o éxito que si gozou *As Rulas de Bakunin*, que era un libro do que eu podía sospeitar certo prestixio, pero nunca tant@s lector@s. É difícil saber que fíos moven o éxito e o fracaso dalgunhas obras. Non me queixo e mesmo recoñezo o empurrón que supuxo para min a saída dunha novela como *A quinta de Saler*, nuns anos nos que se publicaron grandes obras que seguen a ter a súa vixencia.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Se se lle pode chamar hábito (ou mal hábito), gusto do jazz de pano de fondo e un “chupito” de licor café feito polos amigos. E, sobre todo, ter a par de min a inspiración, que non é outra cousa que vontade de traballar, saúde e ningunha preocupación importante.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Nas antoloxías sempre hai inxustizas e, sobre todo, cando aínda non transcorreu unha distancia temporal. Como son tant@s @s coleg@s que admiro, non direi ningún para non ferir coas ausencias. Permítaseme estar ao carón de Tovar e Casares na Limia, e canda unha morea de escritor@s amig@s no Barbanza. Con todo, o tempo é o mellor antólogo.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

stes 20 anos que levo no mundo da escrita eu falaría de dúas fases. Unha, máis centrada na autoformación e na consolidación como narrador a través dos premios. Cando comecei traballaba en Madrid e presentaba as miñas obras a premios non só por abrir camiño diante das editoras, senón tamén como un medio de vida. E esa fase, que poida que ás veces fose un pouco escrava, resultou ser unha especie de obradoiro que me achegou confianza e a disciplina que hoxe preciso como novelista. Un punto de inflexión na miña vida de escritor produciuse con *A quinta de Saler*, que aquel ano fora finalista en varios premios como o Xerais ou o Torrente Ballester. Esta novela nucleou durante un tempo a miña escrita, pois dela xurdiu o embrión do libro *As regras de Bakunin* e o personaxe de Suso Paradela, que tamén é protagonista de *Homónima*, o *Cartafol do Barbanza* e mais *Os ollos de K*. O ano 2000 foi excelente en premios e prestixio para min, pois en menos dun mes acadei, entre outros, tres dos premios importantes que había no país: o Café Dublín, con *Animalia*, o Álvaro Cunqueiro, con *Homónima* e o García Barros, con *As regras de Bakunin*.

A partir do ano 2000 viría unha segunda fase máis reflexiva, coa única preocupación da obra, que xa non sometín a máis xurado que o meu editor. A aparición de Carlos Lema en Galaxia foi unha sorte de axuda profesional para min. A súa ollada lectora é fundamental e esa relación coido que é un privilexio para calquera autor. *A esfínx de amaranto*, *Casas Baratas*, *Os ollos de K* e, sobre todo, *Laura no deserto* son novelas depuradas nesa relación profesional.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Non son home de voltas. Gusto de explorar novos camiños e literaturas. Son tantos os libros e @s escritor@s que descoñezo, que padezo a ansiedade dese personaxe de *Laura no deserto* que quere ler todos os libros do mundo, algo certamente imposible.

O que máis boto de menos é a inocencia lectora de antes, cando lía sen prexuízos e sen esta estrutura mental de escritor que teño agora. Sei que é marabilloso recoñecerse noutros escritores, pero gusto máis de multiplicarme nos outros, naqueles que teñen unha ollada distinta á miña.

Os meus clásicos eran Marcial Lafuente Estefanía, a *Odisea* e algunha novela ilustrada. E como no instituto non collín o galego por dous anos, non cheguei á literatura galega até ser maior de idade. Despois devorei un libro case diario e fun amoreando amores distintos que ían de Ferrín, Cunqueiro e Casares a Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor.

Moitas veces antes de me poñer a escribir, abro un libro de Otero Pedrayo e leo en voz alta coma se quixese coller a afinación dunha melodía. Como novelista síntome máis preto de Eduardo Blanco Amor, pero a expresividade lingüística de Otero Pedrayo é algo que segue a me asombrar. Con todo, recoñezo que hoxe leo moita máis literatura estranxeira, sobre todo, norteamericana. Por dicir algún autor, sinalaría a Philip Roth, Don DeLillo, Jonathan Franzen ou Cormac McCarthy, que, salvando as distancias, é como volver a Marcial Lafuente Estefanía, agora cunha calidade extraordinaria.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Empezo pola parte final. Xa sei que se adoita dicir que o noso país está cheo de poetas. Pois si. Está cheo, pero non envaidecerse diso sería como queixarse de que un bosque ten moitas árbores.

Os problemas que teñen as nosas letras son ben sabidos. Un deles é a invisibilidade. Os nosos libros deberían ter moita máis presenza na prensa,

na radio, na televisión, nas librarías, nos centros comerciais, nas bibliotecas... Hai como unha teima por unha parte da sociedade e da política en querer encovar a creación en galego, en ocultala. Se se producise esa visibilidade, co tempo aparecerían lector@s que consolidarían unha industria cultural moito máis poderosa, capaz de afrontar traducións, tanto de fóra para dentro coma de dentro para fóra.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Algún epitafio que consolase as persoas que me queren: “Os sonhos deste home deixaron de ser interinos”. Algo así. Supoño que se soubese que estou a piques de morrer, faría todo o posible para que ninguén sufrise coa miña perda. Mesmo estaría disposto a facer as maldades do protagonista desa serie magnífica que é *Breaking Bad*. O máis probable é que, en vez de escribir, trataría de absorber cada minuto canda os meus, fronte ao mar e talvez lendo a Ciorán, para non me facer ilusións e asumir o destino.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Magnífica. Hai un nivel de altura. Á parte de fenómeno da poesía, sempre tan frutífero no noso país, ou da literatura infantoxuvenil, cunha ducia esplendorosa de autor@s traducid@s a outras linguas, nos últimos anos eu salientaría a consolidación dunha xeración de narradoras tan interesantes e diversas como Teresa Moure, Anxos Sumai, Rosa Aneiros, Inma López Silva, María Reimóndez, Eva Moreda, Rexina Vega, Iolanda Zúñiga e moitas outras que veñen asentando as bases dunha normalidade sociolóxica que xa se facía necesaria. Se cadra, o ensaio e o teatro deberían ter máis presenza na edición, pero tampouco teño datos nin a certeza de que este déficit estea moi por debaixo doutras literaturas.